



Compostela
Cultura

VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

XOVES 14

OUTUBRO 2021

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Destino: Latinoamérica

Joana Carneiro Directora

Sarah Connolly Mezzosoprano

Sala Mozart

19.45 h

CONvers@ndo con

Joana Carneiro Directora



PROGRAMA

CARLOS CHÁVEZ (1899-1978)

Discovery (20´)

PETER LIEBERSON (1946-2011)

5 Neruda Songs (30´)

Si no fuera... (If your eyes were not the color of the moon)

Amor, amor... (Love, love, the clouds went up to the tower of the sky)

No estés lejos... (Don't go far off, not even for a day)

Ya eres mía... (And now you're mine...)

Amor mío... (My love, if I die and you don't)

Sarah Connolly, mezzosoprano

AARON COPLAND (1900-1990)

Three Latin-American Sketches (11´)

Estribillo

Paisaje Mexicano

Danza de Jalisco

Duración aproximada do concerto: 1 hora (sen pausa).

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora convidada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren (concertino)

Adriana Winkler (axuda de concertino)

Anca Smeu **

Michal Ryczel

Victoria Jurov

Daniel Kordubaylo

Ildikó Oltai

Claudio Guridi

Yulia Petrushevskaya

Ilya Fisher

Anna Alexandrova

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *

Nikolay Velikov **

Elina Viksne

Helena Sengelow

Irina Gruia

Gyula Vadaszi

Kiyoko Ohashi

Nazaret Canosa (R)

VIOLAS

Tilmann Kircher *

Natalia Madison **

Oxana Bakulina

Timur Sadykov

Iriana Fernández

Ionela Ciobotaru

Teresa Cardoso (R)

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *

Barbara Switalska **

Thomas Piel

Ailsa Lewin

Millán Abeledo

Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *

Alfonso Morán **

Marta García (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *

Luís Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *

Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *

Daniel Veiga (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *

Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *

Alfredo Varela *

Xavier Ramón **

TROMPETAS

Ramón Llátser *

Ana Pazos (R)

PERCUSIÓN

José Vicente Faus *

Isabel Diego (R)

ARPA

Bleuenn Le Fric (R)

PIANO

Haruna Takebe (R)

* principal | ** copincipal | (R) reforzo

Joana Carneiro

Principal directora convidada da RFG

A aclamada directora portuguesa Joana Carneiro é a directora principal da Orquestra Sinfónica Portuguesa no Teatro São Carlos de Lisboa e directora artística do Estágio Gulbenkian para Orquestra desde 2013. De 2009 a 2018 foi directora musical da Sinfónica de Berkeley, sucedendo a Kent Nagano como a terceira directora musical nos 40 anos de historia da orquestra. De 2006 a 2018 foi directora convidada da Orquestra Gulbenkian.

Compromisos recentes e futuros inclúen actuacións coa Sinfónica da BBC, Philharmonia, Sinfónica de Gotemburgo, Orquestra Sinfónica de Castilla y León, Real Filharmónica de Estocolmo (á que dirixiu na cerimonia do Premio Nobel en 2017), Sinfónica da Radio Sueca, Orquestra de Cámara Escocesa, Orquestra do Centro Nacional das Artes de Ottawa e a Sinfónica Escocesa da BBC.

Ten dirixido a Royal Liverpool Philharmonic de Liverpool, Royal Philharmonic Orchestra, Filharmónica de Radio Francia, Ensemble Orchestral de París, Orquestra de Bretaña, Sinfónica de Norrköping, Orquestra de Norrlands, La Het Residentie Orkest, Filharmonía de Praga, Sinfónica de Malmö, Orquestra Nacional de España e a Sinfónica do Teatro La Fenice na Bienal de Venecia; así como a Filharmónica de

Hong Kong, Orquestra de Cámara de Macao e a Orquestra de Beijing no Festival Internacional de Música de Macao. En América dirixiu a Filharmónica de Los Ángeles, Sinfónica de Toronto, Orquestra de Cámara de St. Paul, Orquestra de Cámara de Los Ángeles, e as Sinfónicas de Detroit, Colorado, Indianápolis, del Nuevo Mundo e do Estado de São Paulo..

En ópera, proxectos recentes inclúen *Nixon en China* (Ópera Escocesa, produción nomeada aos Premios da Royal Philharmonic Society), *Castelo de Barba Azul / Voix Humaine*, *Rake's Progress* (Teatro Nacional de São Carlos, Lisboa), *Carmen* (Real Ópera de Estocolmo), *Wonderful Town* (Real Ópera Danesa), *O evanxeo segundo a outra María* (Ópera Nacional Inglesa, estrea mundial da produción escénica de Peter Sellars), *A paixón de Simón* (Festival Ojai), *Edipo Rei* (Sidney, Premio Helpmann de Australia ao Mellor Concerto da Orquestra Sinfónica) e *A Flowering Tree* (Viena, París, Chicago, Cincinnati, Gotemburgo, Lisboa).

En 2010 dirixiu postas en escena de Peter Sellars de *Edipo Rei* e a *Sinfonía dos Salmos* de Stravinski no Festival de Sidney, que gañou o Premio Helpmann de Australia ao Mellor Concerto de Orquestra Sinfónica. Dirixiu un proxecto vencellado ao Festival de Nova Zelandia en 2011 e, como resultado,

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

foi convidada a traballar coas Orquestras Sinfónicas de Sidney e Nova Zelandia.

En 2002 foi finalista do prestixioso concurso de directores Maazel-Vilar no Carnegie Hall. En 2003-2004 traballou cos mestres Kurt Masur e Christoph von Dohnanyi e dirixiu a Filharmónica de Londres como un dos tres directores elixidos para a Academia Internacional de Directores da Fundación Cultural Allianz de Londres. De 2002 a 2005 foi Directora Asistente da Orquestra de Cámara de Los Ángeles e Directora Musical da Orquestra da Fundación Novos Músicos de Los Ángeles. De 2005 a 2008 foi membro da American Symphony Orchestra League na Filharmónica de Los Ángeles, onde traballou con Esa-Pekka Salonen e dirixiu varias actuacións no Walt Disney Concert Hall e no Hollywood Bowl.

Natural de Lisboa, comezou a súa formación musical como viola antes de recibir o seu título de directora da Academia Nacional Superior de Orquestra en Lisboa, onde estudou con Jean-Marc Burfin. Recibiu a súa mestría en dirección de orquestra da Northwestern University como alumna de Victor Yampolsky e Mallory Thompson. Realizou estudos de doutoramento na Universidade de Michigan, onde se formou con Kenneth Kiesler. Ten participado en clases maxistras con Gustav Meier, Michael Tilson Thomas, Larry Rachleff, Jean Sebastian Bereau, Roberto Benzi e Pascal Rophe.

En 2010 recibiu o Premio Helen M. Thompson, outorgado pola League of American Orchestras e que reconece a prometedores directores. En 2004 foi condecorada polo presidente da República Portuguesa coa Encomenda da Orde do Infante Don Henrique.

Sarah Connolly

Mezzosoprano

Nacida na cidade de Durham, Sarah Connolly estudou piano e canto no Royal College of Music, do que agora é membro. Foi nomeada Dama da Orde do Imperio Británico nos Queen's Birthday Honours en 2017, e xa fora nomeada Comendadora da Orde do Imperio Británico nos New Year's Honours de 2010. En 2011 foi homenaxeada pola Incorporated Society of Musicians e premiada como Músico Distinguido. Foi a gañadora do Premio Singer da Royal Philharmonic Society en 2012.

Entre os seus éxitos recentes en ópera destacan o seu rol de Fricka (Covent Garden, Teatro Real e Festival de Bayreuth), Brangäne en *Tristán e Isolda* (Covent Garden, Festspielhaus de Baden-Baden, Festival de Glyndebourne e Gran Teatre del Liceu); Compositor en *Ariadna en Naxos* e Clairon en *Capriccio* (Metropolitan Opera); o papel principal en *Xulio César* e Gertrudis na estrea mundial de *Hamlet* de Brett Dean (Festival de Glyndebourne); o papel principal en *Ariodante* (Ópera Estatal de Viena, Festival d'Aix-en-Provence e Ópera Nacional Neerlandesa); Sesto en *La clemenza di Tito* (Festival d'Aix-en-Provence); *Dido* de Purcell (Teatro alla Scala e Covent Garden); *Jocaste* en *Edipo* de Enescu (Covent Garden); *Orfeo* de Gluck e o rol principal en *A violación de Lucrecia* (Bayerische Staatsoper de Múnic); Fedra

en *Hipólito e Aricia* (Ópera Nacional de París e Festival de Glyndebourne) e os papeis principais de Agripina e Nerón en *A coroación de Popea* (Gran Teatre del Liceu).

Tamén interpretou o rol principal en *María Estuardo* e como Romeo en *Capuletos e Montescos* (Opera North); Compositor (Ópera Nacional de Gales) e Octavio en *O cabaleiro da rosa* (Ópera de Escocia). Na Ópera Nacional Inglesa cantou como Geschwitz en *Lulú*; Octavio; *Medea* de Charpentier e *Agripina* de Haendel; Xerxes, Ariodante e Ruggiero en *Alcina*; o rol principal en *A violación de Lucrecia*; Didon en *Os troianos*; Romeo, Susie en *A copa de preta* e Sesto en *A clemencia de Tito* -polos cales foi nomeada ao premio Olivier ao mellor éxito na ópera-.

Entre os seus numerosos concertos inclúense aparicións nos festivais de Lucerna, Salzburgo, Tanglewood e Three Choirs e nos BBC Proms, onde en 2009 foi solista convidada en *The Last Night*. Outros compromisos incluíron *O soño de Gerontius* (Sinfónica de Boston / Sir Colin Davis e Orquestra Mozarteum de Salzburgo / Bolton); *Sinfonía núm. 3* de Mahler nos BBC Proms (LSO / Haitink); *Un rapaz do noso tempo* e como Brangäne (Filharmónica de Berlín / Rattle); *Sinfonía núm. 2* de Mahler (Orquestra da Gewandhaus de

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

Leipzig / Chailly, Sinfónica de Boston / von Dohnanyi e Orquestra de Filadelfia / Nézet-Séguin); *A canción da Terra* (Orquestra do Concertgebouw / Harding, Filharmónica de Róterdam / Nézet-Séguin e LPO / Jurowski); *O corno máxico da xuventude* (Orquestra dos Campos Elíseos / Herreweghe) e *A morte de Cleopatra* (Hallé / Elder, CBSO / Gardner e a Sinfónica da BBC / Sir Andrew Davis).

Apareceu en recital en Londres, Nova York, Boston, Filadelfia, Xenebra, Madrid, París, Ámsterdam, Róterdam, San Francisco, Atlanta, Stuttgart; no Incontri in Terra di Siena en La Foce, na Schubertiada Vilabertran e nos festivais de lieder de Aldeburgh, Cheltenham, Edimburgo e Oxford. Na temporada 2018/19 foi residente no Wigmore Hall.

Comprometida coa promoción de novas músicas, as súas actuacións inclúen *Neruda Songs* de Peter Lieberon (Sinfónica da BBC / Bělohávek) e as estreas mundiais de *A copa de prata* de Mark Anthony Turnage (ENO); *Tributo a Cavafy* de Sir John Tavener (Tallis Scholars / Phillips no Symphony Hall, Birmingham) e *Gnosis* (Sinfónica da BBC / Bělohávek nos BBC Proms) e o papel de Gertrudis en *Hamlet* de Brett Dean (Festival de Ópera de Glyndebourne).

Artista de gravación prolífica, entre os seus discos figuran *Dido e Eneas* de Purcell (OAE); *O corno máxico da xuventude* (Orquestra dos Campos Elíseos

/ Herreweghe - gañador dun premio Edison); Brangäne en *Tristán e Isolda* (LPO / Jurowski); *Pinturas mariñas* e *O soño de Gerontius* de Elgar (Sinfónica da BBC / Sir Andrew Davis - gañador dun premio Gramophone); *Fedra* de Britten (Sinfónica da BBC / Gardner) e *Elías* de Mendelssohn, *A misa en do menor* de Mozart e *Escena de Berenice* de Haydn (Gabrieli Consort / McCreesh). Entre os seus papeis en DVD inclúense Xulio César, Nerón, Clairon e Dido de Purcell. A súa gravación de arias de Haendel con The Sixteen e Harry Christophers foi descrita como “a definición de cativante” e os seus tres discos de recital en solitario *The Exquisite Hour*, *Songs of Love and Loss* e *My true love has my heart* gañaron o recoñecemento da crítica. Connolly aparece na banda sonora de *Fragments of a Prayer* de Sir John Tavener para a longametraxe *Children of Men*.

“Músicas Iberoamericanas: camiños, redes e circuítos”. Así reza o título do congreso que, organizado pola comisión de traballo “Música e estudos americanos” (MUSAM) da Sociedade Española de Musicología e inaugurado esta mesma mañá, congrega estes días a case un centenar de investigadores de diversas partes do mundo na Universidade de Santiago de Compostela. Esta cita na capital galega non é casual, senón que responde á súa ancestral condición como espazo de encontro e diálogo, espírito que anima o devandito congreso. A Real Filharmonía de Galicia ofrece esta noite, en colaboración con MUSAM, un estimulante contrapunto musical ao debate científico, ao propor un programa en que tres composicións, datadas entre 1969 e 2005, veñen representar -a pesar da súa común estrea nos Estados Unidos- a diversidade de traxectorias posibles e os numerosos e disímiles puntos de contacto, en termos persoais, culturais, literarios e (tamén) estritamente musicais, entre as propostas de escoita (ibero)americanas.

“Para min, descubrimento significa descubrimento do son, da música [...] que discorre nun proceso constante e fluído de descubrimento”. Nestes termos expresábase Carlos Chávez ao respecto de *Discovery*, obra concibida como “tributo” sonoro á conmemoración do bicentenario do descubrimento da baía de San Francisco por parte do militar ildense Gaspar de

Portolá, composta en 1969 por encargo do Cabrillo Music Festival, evento que desde 1963 -e aínda en plena actividade- acolle a pequena localidade californiana de Aptos e cuxa dirección artística asumiu o propio Chávez entre 1970 e 1973. A estrea da devandita obra, a cargo da Amici della Musica Orchestra baixo a dirección de Richard Williams (24 de agosto de 1969), “descubriu” ao público estadounidense -e farao posiblemente esta noite tamén, dada a súa infrecuente execución- unha mostra paradigmática do fin de traxecto estético de Chávez (1899-1978), unha etapa final -chamémola conclusión do seu “estilo tardío”- en que o compositor prescinde de resonancias nacionalistas (caso da súa celebrada *Sinfonía India*) para internarse en novos horizontes que explorarían, desde o seu maxisterio, toda unha xeración de novos compositores mexicanos. *Discovery* revélasenos, pois, como unha proposta descoñecida, innovadora e austera no catálogo de Chávez, quen procede por pautadas estratexias acumulativas en dimensións como o tempo e a distribución tímbrica e renuncia á repetición de elementos motivicos e a marcos tonais evidentes, en beneficio do establecemento de sutís relacións interválicas, agudos intercambios contrapuntísticos e cores instrumentais apenas esbozados: “un alfabeto limitado” -por regresar ao testemuño do compositor- “que, con todo, non reduce as súas posibilidades, senón

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

que as canaliza a territorios imprevistos na expresión musical”.

Ámbitos certamente inesperados de expresión, neste caso poética, foron os abertos por Pablo Neruda na súa caudalosa lírica, a cuxo poderoso universo metafórico e suxestión sonora dos seus versos non foi allea á creación musical contemporánea: ben sexa desde a conxunción de compromiso político e imaxinario surrealista de Residencia na terra (Luciano Berio, Coro, 1976); o eloxio entusiasta da cotiandade material do *Terceiro libro das odas* (así, a posta en música da *Oda al dobre otoño* nerudiana por Harrison Birtwistle nos seus *Neruda Madrigals*, 2005); ou, como no caso das *5 Neruda Songs* de Peter Lieberon (1946-2011), recorrendo ao máis intimamente entrañado autor dos *Cen sonetos de amor* (1959), ao que tamén acudirían Tobias Picker (*Tres sonetos de amor*, 2002) ou Win Zwaag (*5 songs on poems by Pablo Neruda*, 2009). Desde a súa primeira audición pola Orquestra Filharmónica de Los Ángeles e Esa-Pekka Salonen (20 de maio de 2005), a obra de Lieberon obtivo un notable recoñecemento internacional, patente na súa presenza habitual nos auditorios e na obtención de prestixiosos premios, como o Grawemeyer Award for Music Composition de 2008 ou o Grammy concedido o ano anterior, de maneira póstuma, á intérprete solista da súa estrea e gravación (Nonesuch Records, 2006), a cantante, e esposa do compositor,

Lorraine Hunt Lieberon. Nestas “cancións nerudianas”, o compositor estadounidense transcende as difíciles circunstancias vitais que motivaron a súa escritura -a inminencia do desenlace da enfermidade da súa esposa- para brindarnos un percorrido emocional por “rostros diferentes no espello do amor”, segundo as palabras do propio Lieberon, nun periplo sonoro determinado polos versos do Premio Nobel chileno, desde a exaltación do primeiro encontro e progresiva proximidade (“Si no fuera porque tus ojos tienen color de luna”, “Amor, amor, las nubes a la torre del cielo”) á anguria da separación (“No estás lejos de mí un solo día”) e a consumada plenitude (“Ya eres mía. Reposa con tu sueño en mi sueño”), para desembocar nunha extinción aberta, con todo, á esperanza (“Amor mío, si muero y tu no mueres”).

A estación final desta viaxe musical con “Destino: Latinoamérica” revisita unha obra pouco prodigada do catálogo de Aaron Copland (1900-1990), as súas *Three Latin-American Sketches* (1971), estreada na súa forma definitiva por André Kostelanetz e a New York Philharmonic (Nova York, 7 de xuño de 1972), aínda que iniciados en 1959 e dados a coñecer parcialmente en 1965 baixo o título de *Two Mexican Pieces* (concretamente, “Paisaxe mexicana” e “Danza de Jalisco”). Máis aló do coñecido *El salón México* (1936) -cuxa estrea dirixiu, precisamente, Carlos Chávez un ano máis tarde-, ou do seu *Danzón cubano* (1942,

arranxo orquestral de 1944), a “conexión iberoamericana” de Copland non é en absoluto anecdótica. Das súas diversas viaxes por América Latina, desenvolvidos -como nos lembra Carol A. Hess- en plena Política do “Bo Veciño” de Roosevelt, xurdiron as citadas obras, así como toda unha serie de intercambios con creadores aos que admirou, como foi o caso de Chávez, “o seu irmán en armas”, segundo manifestou Copland á morte do mexicano. Con estas palabras recoñecía o seu afán compartido por modernizar a música “americana”, patente en dúas iniciativas breves pero fundamentais a tal fin: a Pan-American Association of Composers (1928-1934), fundada por Chávez xunto a Varèse e outros compositores de vangarda, e os concertos Copland-Sessions (1928-1931). Non se pode obviar tampouco o maxisterio de Copland sobre toda unha xeración de

brillantes creadores da América hispana, como Ginastera, Galindo, Estévez, Orbón ou Orrego-Salas, entre moitos outros. Quizá con certa vontade nostálgica, estes “bosquexos latinoamericanos” de Copland recuperan, cunha escritura sinfónica enriquecida por unha nutrida percusión -emblema, sen dúbida, americanista-, a “vitalidade rítmica, as cores vivas e os motivos melódicos breves e de fácil asimilación” (Hess) de *El salón México*, nunha obra cuxa instrumentación xulgaba o propio compositor como “luminosa e enérxica”. Un peche dinámico excepcional, por tanto, para esta convocatoria musical de múltiples ecos sonoros ultramarinos.

Belén Vega Pichaco
Universidade de La Rioja
Secretaria de MUSAC-SEdeM



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 21 de outubro, 20:30 h

SCHUBERTIADA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Delyana Lazarova, directora

Beatriz López, clarinete

W. A. Mozart: Abertura de *Cossí fan tutte*, KV. 588

D. Tabakova: Fantasía homenaxe a Schubert*

C. M. v. Weber: Concerto para clarinete nº 2 en Mi bemol maior, op. 74

F. Schubert: Sinfonía nº 5 en Si bemol maior,

D. 485

*Estrea en España

Xoves 28 de outubro, 20:30 h

OS CAMIÑOS DO AMOR

CICLO DE LIED

Catherine Trottmann, soprano

Maciej Pikulski, piano

M. Ravel: Cinq mélodies populaires grecques

M. Ravel: Vocalise en forme de habanera

L. Delibes: Les filles de Cadix

C. Debussy: Ariettes Oubliées (extractos)

C. Debussy: Mandoline

C. Debussy: L'année en vain (Récit et Air de Lia, de O fillo pródigo)

E. Chausson: Le colibri

E. Chausson: Chanson perpétuelle

F. Poulenc: Banalités (extractos)

F. Poulenc: Les chemins de l'amour



**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

